

Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2009

DENDE A
BIBLIOTECA



PENSANDO
“NESA”
CARTA ...

...que tod@s
pensades escribir ...



... a Reis de Oriente, Santas do Norte, Papanoeles, Apalpadores e demais xentes xenerosas, porque non hai crise no mundo que volo poda impedir. E como, outro ano máis, vimos que neses catálogos cheos de páxinas a toda cor que vos veñen repartir á saída do cole non hai UN SÓ libro, non quixemos ser menos e acolá vai o noso "catálogo" de suxerencias para pedichonear:

1º CICLO PRIMARIA:

- De Mau, en Xerais, máis carteir@s : **Violeta a carteira bolboreta**, **Carola a carteira centola** e **Martiño o carteiro porquño**, preséntannos non só animais do noso entorno, tamén xogos, deportes, personaxes medievais, castelos, instrumentos musicais, faros da nosa costa...
- Misterio na selva de Ngorongon-A. Varela-Galaxia**: Entre tanto bicho, ten coidado, ollo co misterio!!!




- A casa da miña avoa-P. Bruno-OQO**: Outro misterio a desvelar, atreveraste a chegar á solitaria casa da avoa?
- Valados- A. Fdez. Paz-Xerais**: O odio e o medo fixeron desaparecer a felicidade na vila de Xoel e Helena, erguendo valados que os separan. Pero non van deixar que desapareza a súa amizade...



- Dora soñadora-C. Lera-Marboré**: Dora pensa que a súa gata é a encargada de cumprir os seus sonhos, por iso cando marcha á lúa, debe buscar axuda para recuperala, pero os adultos son incapaces de soñar...

- Este sueño no es mío-Goñi-Destino**: Cando os pais de Malena a levan a un sabio médico chino, descubre que o sonho da nena é en realidade dun m.....




MAMASES, PAPASES, PROF@S e demais adult@s:



- Sete palabras-S. de Toro-Xerais**: Viaxe do protagonista, á orixe da propia identidade; entre a reflexión e a terneza, a cultura occidental agroma dos xeitos de vida máis humildes.

- Dime algo sucio-D. Ameixeiras-Xerais**: A vida de distintas personaxes enléase nesta novela de intriga, onde conviven taxistas, grafiteiros, policía, vendedores de top manta...



- Areaquente-An Alfada-Sotelo Blanco**: Cristovo, fotógrafo que busca as fotos con arume, fuxe do desamor en Areaquente, cando a súa muller o abandona por outra.
- El fin del mundo y un despiadado país de las maravillas-H. Murakami-Tusquets**: No fin do mundo, un home queda sen sombra nin lembranzas entre unicornios de dourado pelaxe invernal. Paralelamente, un refinado informático nun Tokio do futuro, é requerido por un científico manipulador.

